

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 19 de xullo de 2007 pola que se convocan bolsas de nova adxudicación e prórrogas para a realización de estudos oficiais de posgrao nas universidades do sistema universitario de Galicia conducentes ao título de máster.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

O Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro (BOE do 19 de xaneiro de 1988, DOG do 17 de febreiro), transferiulle á Comunidade Autónoma de Galicia competencias en materia de universidades. Estas competencias foron asumidas pola comunidade autónoma e asignadas á Consellería de Educación polo Decreto 62/1988, do 17 de marzo (DOG do 8 de abril).

O Real decreto 56/2005 regula os estudos de posgrao comprensivos das ensinanzas de segundo e terceiro ciclo do sistema de educación universitaria. Estes estudos teñen como finalidade a especialización do estudante na súa formación académica, profesional ou investigadora e articúlanse en programas integrados polas ensinanzas conducentes á obtención dos títulos de máster ou doutor/a. Dentro das ensinanzas de posgrao os estudos oficiais de máster permiten adquirir un conxunto de competencias para o exercicio de actividades profesionais nos ámbitos da especialización correspondente.

O establecemento dos novos títulos oficiais de posgrao constitúe unha das modificacións de máis transcendencia no proceso europeo de cambio estrutural das ensinanzas universitarias e supón un gran reto para as universidades e a Administración educativa que se ven obrigadas ao desafío de impulsar estudos de posgrao de máxima calidade. En Galicia, a reforma plásmase na aprobación dos decretos 51/2006, do 23 de marzo, e 13/2007, do 1 de febreiro, polos que se autoriza a implantación de estudos oficiais de posgrao nas universidades do sistema universitario de Galicia.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estudará a posibilidade de habilitar mecanismos de colaboración coas universidades do sistema universitario de Galicia que admitan nos seus estudos oficiais de posgrao os titulados nos estudos recollidos no artigo 45.2º c) da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de que estes poidan acceder a axudas equivalentes ás recollidas nesta convocatoria.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, contribúe ao financiamento da formación avanzada de carácter especializado ou multidisciplinar favorecendo a posta en marcha do proceso de harmonización do sistema universitario de Galicia ao Espazo Europeo de Educación Superior, convocando bolsas de nova adxudicación e prórrogas para a realización de estudos oficiais de posgrao nas universidades do sistema universitario de Galicia conducentes ao título de máster.

Polo que antecede, esta consellería

#### DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto.

Convócanse bolsas de nova adxudicación e prórrogas para a realización de estudos oficiais de posgrao nas universidades do sistema universitario de Galicia conducentes ao título de máster, que se inclúen como anexos a esta orde:

Anexo I. 55 Bolsas de nova adxudicación para a realización de estudos oficiais de posgrao conducentes ao título de máster.

Anexo II. 25 Bolsas para a realización da prórrogas dos estudos oficiais de posgrao conducentes ao título de máster.

As bolsas do anexo II que queden desertas por falta de solicitantes pasarán a incrementar o número de bolsas do anexo I.

Estas bolsas teñen como finalidade contribuír á especialización dos estudantes na súa formación académica, profesional ou investigadora co obxecto de lograr a súa capacitación co fin de integrarse no ámbito laboral europeo cunha cualificación profesional apropiada favorecendo a posta en marcha do proceso de harmonización do sistema universitario de Galicia ao Espazo Europeo de Educación Superior.

Artigo 2º.-Orzamento.

Para a concesión destas bolsas destinarase un total de 635.550 euros con cargo á aplicación orzamentaria 09.04.422C.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia dos anos 2007 e 2008 distribuídos do seguinte xeito: 436.150 euros para o anexo I e 199.400 euros para o anexo II.

Artigo 3º.-Duración das bolsas.

A duración das bolsas é de 12 meses comprendidos entre outubro de 2007 e setembro de 2008. De acordo co establecido no artigo 1 da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, estas bolsas están exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas.

#### Artigo 4º.-Presentación de solicitudes e tramitación.

a) As solicitudes, segundo os modelos que se publican como anexos III e IV a esta orde, poderán presentarse:

-No rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ou ben en calquera dos rexistros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias.

-Nos rexistros xerais das universidades pertencentes ao sistema universitario de Galicia, cos efectos establecidos no convenio de colaboración en materia de rexistros administrativos, suscrito o 25 de xuño de 2007, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo e publicado no DOG nº 128, do 3 de xullo de 2007.

-Nas oficinas de correos, en sobre aberto, para que sexa datada e selada polo/a funcionario/a de correos antes de que proceda á súa certificación. As solicitudes subscritas no estranxeiro deberán cursarse a través das representacións diplomáticas e consulares españolas correspondentes.

Os servizos da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia comprobarán que todas as solicitudes reúnen os requisitos establecidos nesta orde e exporán unha lista de solicitudes admitidas e excluídas, sinalando as causas de exclusión, nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos das súas delegacións provinciais, nas vicerreitorías competentes das universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo e na internet no enderezo <http://www.edu.xunta.es/>.

b) A presentación das solicitudes comportará a autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, e coa comunidade autónoma, a través de certificados telemáticos, polo que queda liberado o solicitante de achegar a correspondente certificación.

#### Artigo 5º.-Resolución e publicación.

A resolución de concesión das bolsas publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, pola que se entenderán notificados, para todos os efectos, os beneficiarios, e na páxina web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, <http://www.edu.xunta.es/> mediante relación nominal dos/as beneficiarios/as e lista de suplentes.

As solicitudes non incluídas na resolución de concesión entenderanse desestimadas e publicaranse na páxina web mencionada e no taboleiro de anuncios da citada consellería, coa indicación expresa dos motivos de exclusión, de conformidade co artigo 54 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das

administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os/as solicitantes excluídos/as terán un prazo de dous meses a partir da publicación da concesión das bolsas no *Diario Oficial de Galicia* para recuperar a documentación presentada.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para os efectos establecidos no artigo 42.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999 (BOE nº 12, do 14 de xaneiro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de bolsas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de seis meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, producindo efectos desestimatorios a falta de resolución.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das bolsas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Artigo 6º.-Incompatibilidades, obrigas e cumprimento dos/as bolseiros/as.

a) Estas bolsas son incompatibles con outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados, así como soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria do bolseiro ou calquera tipo de ingresos pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado excepto con aquelas bolsas ou axudas destinadas a cubrir algunha das accións formativas que o/a solicitante vai realizar segundo os seus estudos (asistencia a reunións, congresos, seminarios, cursos de especialización ou estadías noutros centros para aprender ou intercambiar técnicas de investigación).

b) Os/as bolseiros/as están obrigados/as a realizar as actividades previstas nos programas de formación e cumprir os seus obxectivos con aproveitamento,

comunicarlle á Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia a causa que determine a incompatibilidade dentro das 24 horas seguintes ao momento en que teña coñecemento da concorrencia desta e, dentro dos tres días naturais seguintes, deberá notificar por escrito a renuncia á bolsa acompañada da documentación xustificativa das actividades de formación realizadas durante o período anterior á renuncia.

c) As bolsas concédense para o curso completo. No caso de renuncia ou incumprimento das súas obrigas, o/a bolseiro/a deberá proceder ao reintegro das cantidades xa percibidas xunto cos xuros de demora que lle correspondan en cada caso, salvo en casos excepcionais autorizados pola Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

d) Na produción escrita derivada do traballo realizado como bolseiro/a, deberá constar a expresión: «Co apoio da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria-Xunta de Galicia».

e) Os/as beneficiarios/as teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das bolsas así como as demais que se deriven dos artigos 78 e 79 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

f) O incumprimento por parte do/a bolseiro/a de calquera das condicións recollidas nesta orde e demais normas aplicables, poderá constituír causa determinante de revogación da axuda e do reintegro total ou parcial polo/a beneficiario/a das cantidades percibidas, xunto cos xuros de demora que lle puidesen corresponder en cada caso, en aplicación da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-A presentación da solicitude da bolsa comportará a autorización á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a facer públicos nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas así como as sancións impostas. A reserva que o petionario poida facer no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que se expresar, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

Segunda.-Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Terceira.-A concesión das bolsas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asignado nos orzamentos para este fin.

Cuarta.-Esta convocatoria poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 20 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase o titular da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia para ditar os actos e medidas necesarios para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2007.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

#### *ANEXO I*

Bolsas de nova adxudicación para a realización de estudos oficiais de posgrao conducentes ao título de máster.

##### 1. Destinatarios.

Estas bolsas están destinadas aos alumnos universitarios que estean preadmitidos nun programa oficial de posgrado nalgunha das universidades do sistema universitario de Galicia. Estas bolsas poderanse prorrogar por unha soa vez sempre que o título de máster comprenda dous cursos académicos.

##### 2. Orzamento.

Para a concesión destas bolsas destinaranse un total de 436.150 euros con cargo á aplicación orzamentaria 09.04.422C.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia dos anos 2007 e 2008, de acordo coa seguinte distribución: 127.765 euros para o ano 2007 e 308.385 para o ano 2008. Este importe poderá ser ampliado en función das dispoñibilidades orzamentarias, sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, empregán-

dose neste suposto a lista de suplentes referida no artigo 5º desta orde.

### 3. Dotación da bolsa.

A dotación da bolsa será de 600 euros mensuais. Os/as beneficiarios/as percibirán, así mesmo, o importe de 500 euros en concepto de axuda á matrícula co pagamento do primeiro trimestre da bolsa. Os/as bolseiros/as desfrutarán dun sistema de cobertura social a través da concertación dun seguro privado ou, de ser o caso, da aplicación do Real decreto 63/2006, do 27 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador en formación, que terá efectividade a partir do 1 de decembro de 2007, unha vez aceptada a bolsa.

### 4. Requisitos dos/as solicitantes.

a) Ter iniciado os estudos universitarios no curso académico 1995/1996 ou posteriores.

b) Non ter cursados 32 créditos de doutoramento, nin estar en posesión do diploma de estudos avanzados (DEA) ou dun título de doutor/a.

c) Non ter sido beneficiario/a dalgunha bolsa das convocadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a realización de estudos de terceiro ciclo ou de posgrao.

d) Posuír a nacionalidade española ou dun país membro da Unión Europea ou estranxeiro con permiso de residencia en vigor.

e) Estar preadmitido nun dos programas oficiais de posgrao autorizados polos decretos 51/2006, do 23 de marzo, e 13/2007, do 1 de febreiro, impartidos nas universidades de Santiago de Compostela, A Coruña ou Vigo no curso 2007-2008.

f) Contar cun expediente académico persoal con nota media igual ou superior a 1,5000 nas epígrafes de ciencias experimentais e da saúde e ciencias sociais, xurídicas e humanidades. Na epígrafe de ensinanzas técnicas esta nota deberá ser igual ou superior a 1,0000 punto.

g) Ter un título universitario oficial ou ter superado tres anos de estudo e un mínimo de 180 créditos dos plans de estudos actuais, sempre que se aprobase toda a troncalidade do primeiro ciclo actual de estudos universitarios. Os/as solicitantes que obtivesen os títulos conforme sistemas educativos estranxeiros deberán contar na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, coa homologación do título polo Ministerio de Educación e Ciencia.

### 5. Presentación da documentación e prazo.

a) A solicitude, segundo o modelo que se publica como anexo III a esta orde, deberá ir acompañada da documentación que se detalla a continuación:

1. Fotocopia do DNI ou documento equivalente no caso de cidadáns/ás da Unión Europea ou a tarxeta de residente en vigor, no caso de cidadáns doutros países.

2. Certificación académica oficial ou copia compulsada, en que figure a nota media simple do expediente académico, obtida de acordo co baremo establecido na resolución da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005 (DOG do 23 de marzo).

Os/as solicitantes que teñan cursado os seus estudos en universidades non pertencentes ao sistema universitario de Galicia e posúan certificación académica nun idioma distinto do galego ou castelán, deberán acompañala da correspondente tradución xurada. No caso dos alumnos estranxeiros a certificación indicará, así mesmo, as cualificacións máxima e mínima do sistema de avaliación correspondente e farase constar cal é a cualificación mínima necesaria para aprobar. Deberán presentar, xunto coa certificación académica, a conversión das notas ao sistema español.

3. Documento acreditativo de estar preadmitido/a no curso 2007-2008 nun dos programas oficiais de posgrao autorizados polos decretos 51/2006, do 23 de marzo (DOG nº 61, do 28 de marzo), e 13/2007, do 1 de febreiro (DOG nº 28, do 8 de febreiro), impartidos nas universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.

4. Fotocopia compulsada do título ou documento que legalmente o substitúa. Os títulos obtidos no estranxeiro deberán estar homologados polo Ministerio de Educación e Ciencia na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

b) Os candidatos só poderán presentar unha solicitude. A presentación de dúas ou máis solicitudes invalidará todas as presentadas.

c) O prazo para a presentación de solicitudes permanecerá aberto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e ata o 15 de setembro de 2007.

6. Exposición de listas para emenda de solicitudes e de notas.

A Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia unha vez recibida a certificación remitida polas universidades da nota media do expediente académico persoal do/a alumno/a aproximada a catro decimais, ponderada pola media da titulación dos cursos 2003/2004, 2004/2005 e 2005/2006, e comprobado que todas as solicitudes reúnen os requisitos establecidos nesta orde, exporá as listaxes coas notas e as solicitudes admitidas e excluídas sinalando as causas de exclusión. Esta lista estará exposta os días hábiles do 19 ao 30 de outubro de 2007, podendo os/as interesados/as, durante ese mesmo prazo, formular reclamacións ante a Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do sistema universitario de Galicia, achegan-

do, se é o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión considerárase desistido/a da súa solicitude, e procederáase ao seu arquivo de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992.

#### 7. Comisión de selección.

A selección de bolseiros/as será efectuada por unha comisión constituída por tres representantes da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, dos cales un/unha actuará como presidente/a e o/a outro/a como secretario/a con voz e voto, e os/as vicerreitores/as competentes das tres universidades galegas. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do/a presidente/a.

Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún ou algunha dos/as compoñentes non puidesen asistir, será substituído/a pola persoa que para o efecto se nomee. O devandito nomeamento deberá recaer noutra persoa da dirección xeral ou da universidade correspondente, en virtude da súa representación.

#### 8. Criterios xerais de selección.

A selección de bolseiros/as farase en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, por área de coñecemento, segundo as seguintes notas facilitadas polas universidades correspondentes: media do expediente académico persoal do/a alumno/a aproximada a catro decimais, ponderada pola media da titulación dos cursos 2003/2004, 2004/2005 e 2005/2006.

As notas medias do expediente académico persoal serán calculadas de acordo co baremo establecido na resolución da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005 (DOG do 23 de marzo). Os criterios para o cálculo das notas serán comúns para as tres universidades.

En caso de empate na nota media do expediente académico persoal, procederáase ao desempate de acordo coa seguinte orde de prelación: menor número de suspensos, de persistir o empate, o maior número de matrículas de honra, de persistir o empate, o maior número de sobresalientes.

No caso dos alumnos de fóra do sistema universitario de Galicia, empregárase a media da titulación galega máis afín segundo o criterio da universidade correspondente.

As renuncias que se produzan serán substituídas de acordo coa lista de suplentes que se estableza na citada resolución.

#### 9. Proposta de resolución.

A selección de candidatos/as levarase a cabo en concorrencia competitiva e nun procedemento único de avaliación á vista da documentación presentada polo/a solicitante en cumprimento das bases da con-

vocatoria, polo que se prescindirá do trámite de audiencia, de conformidade co disposto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Efectuada a selección pola comisión esta elevará, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, un informe-proposta á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria quen emitirá resolución.

#### 10. Notificación e aceptación da bolsa.

A Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia notificaralles aos bolseiros/as que foron seleccionados/as. O/a bolseiro/a comprométese a cumprir todas as condicións recollidas nesta orde mediante a presentación da seguinte documentación que deberá remitir á dirección xeral no prazo de 5 días contados desde a data de recepción:

-Aceptación ou renuncia da bolsa.

-Documento de estar matriculado/a nun dos programas oficiais de posgrao autorizados polos decretos 51/2006, do 23 de marzo (DOG nº 61, do 28 de marzo), e 13/2007, do 1 de febreiro (DOG nº 28, do 8 de febreiro), que se imparten nas universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo. No documento deberá figurar o selo da entidade bancaria xustificativo do pagamento realizado.

-Declaración xurada de que non ten concedidas outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados, así como soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria do bolseiro ou calquera tipo de ingresos pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado.

-Documento facilitado pola entidade bancaria a nome do/a interesado/a, no que conste o código de conta cliente do solicitante.

Transcorrido este prazo sen que se achegue a citada documentación, considerárase que o/a interesado/a renuncia á bolsa concedida.

#### 11. Pagamentos.

Os pagamentos serán mensuais. O último pagamento farase efectivo despois de que o/a bolseiro/a presente, antes do 30 de setembro de 2008, a seguinte documentación:

-Certificación académica de ter superada a totalidade dos créditos establecidos no currículo para o curso 2007-2008.

-Vida laboral actualizada expedida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

-Declaración xurada do conxunto de bolsas concedidas.

## ANEXO II

Bolsas para a realización da prórroga dos estudos oficiais de posgrao conducentes ao título de máster.

## 1. Destinatarios.

Estas bolsas están destinadas aos alumnos que pola Orde do 28 de novembro de 2006, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 5 de decembro) lles foi concedida unha bolsa para a realización de estudos oficiais de posgrao conducentes ao título de máster, sempre que o título comprenda dous cursos académicos.

## 2. Orzamento.

Para a concesión destas bolsas destinarase un total de 199.400 euros con cargo á aplicación orzamentaria 09.04.422C.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia dos anos 2007 e 2008 de acordo coa seguinte distribución: 59.225 euros no ano 2007 e 140.175 euros no ano 2008.

## 3. Dotación das bolsas.

A dotación da bolsa será de 600 euros mensuais. Os/as beneficiarios/as percibirán, así mesmo, o importe de 500 euros en concepto de axuda á matrícula co pagamento do primeiro trimestre da bolsa. Os/as bolseiros/as desfrutarán dun sistema de cobertura social a través da concertación dun seguro privado ou, de ser o caso, da aplicación do Real decreto 63/2006, do 27 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador en formación, que terá efectividade a partir do 1 de outubro de 2007, unha vez aceptada a bolsa.

## 4. Requisitos dos/as solicitantes.

Só poderán solicitar esta bolsa aqueles/as alumnos/as que por Orde do 28 de novembro de 2006, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 5 de decembro) lles foi concedida unha bolsa para a realización de estudos oficiais de posgrao conducentes ao título de máster, sempre que o título comprenda dous cursos académicos. Os/as bolseiros/as deberán xustificar un axeitado aproveitamento académico no período 2006-2007 e estar matriculados no curso académico 2007-2008 no segundo ano do bienio dos estudos de posgrao impartidos nas universidades do sistema universitario de Galicia.

## 5. Documentación.

a) Os solicitantes deberán entregar debidamente cuberta a solicitude segundo o modelo que se publica como anexo IV a esta orde. A Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia requirirá das universidades correspondentes a certificación oficial de ter superada a totalidade dos créditos establecidos no currículo para o curso 2006-2007, polo que os/as alumnos/as non necesitan presentar este documento.

b) O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

## 6. Resolución e publicación.

A concesión das bolsas levarase a cabo nun procedemento único á vista da documentación presentada polo solicitante, polo que se prescindirá do trámite de audiencia, de conformidade co disposto no artigo 84.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro. O director xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia elevará un informe-proposta á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria quen emitirá resolución.

A resolución de concesión das bolsas publicarase no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, <http://www.edu.xunta.es>, mediante relación nominal dos/as beneficiarios/as.

## 7. Notificación e aceptación da bolsa.

A Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia notificaralles aos bolseiros/as que foron seleccionados/as. O/a bolseiro/a comprométese a cumprir todas as condicións recollidas nesta orde mediante a presentación da seguinte documentación que deberá remitir á dirección xeral no prazo de 5 días contados desde a data de recepción:

-Aceptación ou renuncia da bolsa.

-Documento de estar matriculado/a no curso 2007-2008 no segundo ano dos estudos de posgrao conducentes ao título de máster nalgunha das universidades do sistema universitario de Galicia. No documento deberá figurar o selo da entidade bancaria xustificativo do pagamento realizado.

-Declaración xurada do/a bolseiro/a de todas as axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin das distintas administracións públicas competentes.

Transcorrido este prazo sen que se achegue a citada documentación, considerarase que o/a interesado/a renuncia á bolsa concedida.

## 8. Pagamentos.

Os pagamentos serán mensuais. O último pagamento farase efectivo despois de que o/a bolseiro/a presente, antes do 30 de setembro de 2008, a seguinte documentación:

-Copia compulsada do título de máster ou documento que o substitúa.

-Vida laboral actualizada expedida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

-Declaración xurada do conxunto de bolsas concedidas.

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Ordenación e Calidade  
do Sistema Universitario de Galicia

ANEXO III



PROCEDEMENTO <b>BOLSAS DE NOVA ADXUDICACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDOS OFICIAIS DE POSGRAO NAS UNIVERSIDADES DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA CONDUCENTES AO TÍTULO DE MÁSTER</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED421A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF	DATA DE NACEMENTO
ENDERZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		PROVINCIA		
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL		
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO			
TITULACIÓN UNIVERSITARIA	UNIVERSIDADE ONDE SE TITULOOU			

**DATOS DO MÁSTER**

TÍTULO DO MÁSTER		
Nº TOTAL DE CRÉDITOS DO MÁSTER	Nº DE CRÉDITOS EN QUE SE MATRICULA	UNIVERSIDADE ONDE SOLICITA O MÁSTER

**ÁREAS DE COÑECEMENTO EN QUE ESTÁ INCLUIDO O MÁSTER (relacionados na seguinte páxina desta solicitude)**

<input type="checkbox"/> Ciencias experimentais e da saúde.	<input type="checkbox"/> Ciencias sociais e xurídicas e humanidades.	<input type="checkbox"/> Ensinanzas técnicas.
---	--	---

**DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA**

<input type="checkbox"/> 1.- DNI.
<input type="checkbox"/> 2.- Certificación académica oficial ou copia compulsada.
<input type="checkbox"/> 3.- Documento acreditativo de estar preadmitido no curso 2007-2008 en programas oficiais de posgrao.
<input type="checkbox"/> 4.- Fotocopia compulsada do título.

**DECLARO** coñecer e autorizar que os datos persoais que compoñen esta solicitude serán obxecto de tratamento co fin de xestionar a axuda solicitada de acordo co artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persal. Así mesmo, **AUTORIZO EXPRESAMENTE** para que:

- Calquera das universidades do Sistema Universitario de Galicia lle facilite á Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, cantos datos consten no meu expediente persoal e sexan precisos para a tramitación e resolución da axuda solicitada.

- A Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

- A Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia poida ter acceso de forma directa aos datos da miña vida laboral que constan na Tesouraría Xeral da Seguridade Social e do cumprimento das miñas obrigas tributarias co Estado e coa comunidade autónoma.

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Orde do 19 de xullo de 2007 pola que se convocan bolsas de nova adxudicación e prórrogas para a realización de estudos oficiais de posgrao nas universidades do sistema universitario de Galicia conducentes ao título de máster.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA  <i>Lugar e data</i>	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA ____/____/____
		DATA DE EFECTOS ____/____/____
		DATA DE SAÍDA ____/____/____

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria  
Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia

**PROGRAMAS DE POSGRAO AUTORIZADOS POLA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**  
**Decretos 51/2006, do 23 de marzo (DOG nº 61, do 28 de marzo), e 13/2007, do 1 de febreiro (DOG nº 28, do 8 de febreiro)**

<p><b>Epígrafe 1) ciencias sociais e xurídicas/humanidades</b></p> <input type="checkbox"/> Máster en Asesoramento Xurídico Empresarial <input type="checkbox"/> Máster en Banca e Finanzas <input type="checkbox"/> Máster en Contabilidade e Finanzas <input type="checkbox"/> Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea <input type="checkbox"/> Máster en Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente <input type="checkbox"/> Máster en Desenvolvemento Rexional e Integración Económica <input type="checkbox"/> Máster en Dirección e Planificación do Turismo <input type="checkbox"/> Máster en Educación, Xénero e Igualdade <input type="checkbox"/> Máster en Estudos de Xénero <input type="checkbox"/> Máster en Historia Contemporánea <input type="checkbox"/> Máster en Intervención na Discapacidade e na Dependencia <input type="checkbox"/> Máster en Intervención Logopédica na Infancia e na Adolescencia <input type="checkbox"/> Máster en Lingua e Usos Profesionais: Español/Galego/Inglés <input type="checkbox"/> Máster en Lóxica e Filosofía da Ciencia <input type="checkbox"/> Máster en Servizos Culturais <input type="checkbox"/> Máster en Xestión e Dirección Laboral <input type="checkbox"/> Máster en Xestión e Políticas Públicas	<p><b>Epígrafe 2) ciencias experimentais e da saúde</b></p> <input type="checkbox"/> Máster en Asistencia e Investigación Sanitaria <input type="checkbox"/> Máster en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria <input type="checkbox"/> Máster en Ciencia e Tecnoloxía Ambiental <input type="checkbox"/> Máster en Ciencia e Tecnoloxía das Industrias Lácteas <input type="checkbox"/> Máster en Enerxía e Sustentabilidade <input type="checkbox"/> Máster en Física Aplicada <input type="checkbox"/> Máster en Fotónica e Tecnoloxías do Láser <input type="checkbox"/> Máster en Investigación en Ciencias da Visión <input type="checkbox"/> Máster en Neurociencia <input type="checkbox"/> Máster en Prevención en Riscos Laborais <input type="checkbox"/> Máster en Prevención en Riscos Laborais e Saúde Medioambiental <input type="checkbox"/> Máster en Química Ambiental e Fundamental <input type="checkbox"/> Máster en Química Avanzada <input type="checkbox"/> Máster en Química Orgánica <input type="checkbox"/> Máster en Theoretical Chemistry and Computational Modelling <input type="checkbox"/> Máster en Xerontoloxía <input type="checkbox"/> Máster en Xestión e Investigación da Discapacidade e a Dependencia	<p><b>Epígrafe 3) ensinanzas técnicas</b></p> <input type="checkbox"/> Máster en Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética <input type="checkbox"/> Máster en Enxeñaría da Auga <input type="checkbox"/> Máster en Enxeñaría Ambiental <input type="checkbox"/> Máster en Enxeñaría Biotecnolóxica <input type="checkbox"/> Máster en Enxeñaría Marítima <input type="checkbox"/> Máster en Enxeñaría Matemática <input type="checkbox"/> Máster en Enxeñaría para o Medio Rural <input type="checkbox"/> Máster en Enxeñaría Naval e Oceánica <input type="checkbox"/> Máster en Enxeñaría e Tecnoloxía Industrial <input type="checkbox"/> Máster en Informática <input type="checkbox"/> Máster en Rehabilitación Arquitectónica <input type="checkbox"/> Máster en Seguridade Integral na Industria <input type="checkbox"/> Máster en Técnicas Estatísticas <input type="checkbox"/> Máster en Tecnoloxías da Información e Comunicacóns en Redes Móviles <input type="checkbox"/> Máster en Urbanismo: Planos e Proxectos. Do Territorio á Cidade
--	--	---



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
 Dirección Xeral de Ordenación e Calidade  
 do Sistema Universitario de Galicia

ANEXO IV



PROCEDIMENTO <b>BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DA PRÓRROGA DOS ESTUDOS OFICIAIS DE POSGRAO NAS UNIVERSIDADES DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA CONDUCENTES AO TÍTULO DE MÁSTER.</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>ED421B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF	DATA DE NACEMENTO
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		PROVINCIA		
CONCELLO		LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO			
TITULACIÓN UNIVERSITARIA		UNIVERSIDADE ONDE SE TITULOU		

**DATOS DO MÁSTER**

TÍTULO DO MÁSTER		
Nº TOTAL DE CRÉDITOS DO MÁSTER	Nº DE CRÉDITOS EN QUE SE MATRICULA	UNIVERSIDADE ONDE SOLICITA O MÁSTER

**DECLARO** coñecer e autorizar que os datos persoais que compoñen esta solicitude serán obxecto de tratamento co fin de xestionar a axuda solicitada de acordo co artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Así mesmo, **AUTORIZO EXPRESAMENTE** para que:

- Calquera das universidades do Sistema Universitario de Galicia lle facilite á Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, cantos datos consten no meu expediente persoal e sexan precisos para a tramitación e resolución da axuda solicitada.
- A Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.
- A Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia poida ter acceso de forma directa aos datos da miña vida laboral que constan na Tesouraría Xeral da Seguridade Social e do cumprimento das miñas obrigas tributarias co Estado e coa comunidade autónoma.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 19 de xullo de 2007 pola que se convocan bolsas de nova adxudicación e prórrogas para a realización de estudos oficiais de posgrao nas universidades do sistema universitario de Galicia conducentes ao título de máster.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA  Lugar e data	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA DATA DE EFECTOS DATA DE SAÍDA